

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36009411	CEIP Pintor Antonio Fernández	Tomiño	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	4º Pri.	1	35

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	3
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	6
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	6
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	6
6. Medidas de atención á diversidade	7
7.1. Concreción dos elementos transversais	7
7.2. Actividades complementarias	8
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	8
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	9
9. Outros apartados	9

1. Introducción

A programación que se presenta a continuación, está elaborada para a materia de Proxecto Competencial para o 4º curso de Educación Primaria do centro CEIP PINTOR ANTONIO FERNÁNDEZ situado no concello de Goian, na provincia de Pontevedra tomando como referencia o currículo que establece o Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta programación didáctica está pensada como un documento pedagóxico que axuda a orientar, garantir e planificar o proceso de ensino-aprendizaxe que se produce na aula. Con ela, preténdese estruturar e dar certa planificación para seguir cada área durante o curso escolar, pero sempre adaptándose ás características e necesidades do alumnado que poidan ir xurdindo.

O centro conta con diversos espazos que son do desfrute do alumnado: patios exteriores con grandes espazos, pavillón, comedor, biblioteca, unha aula de música, unha aula de orientación, unha aula de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe, unha aula de Infantil, seis aulas de Primaria, unha sala de mestres, un despacho para o equipo directivo e aseos tanto para o alumnado coma para o profesorado.

O grupo de 4º co que se traballará está composto por 13 alumnos/as (7 nenos e 6 nenas), no que traballarase en pequenos grupos ou de xeito individual nunha sesión semanal.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Creatividade na aula I	Antes de comenzar co proxecto, teremos que establecer as pautas de traballo con	34	12	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Creatividade na aula I	cada uns dos materiais de Polos creativos que imos traballar. Iniciaremos cun material	34	12	X	X	X
2	Creatividade na aula II	Cambiamos de material por grupos e investigaremos sobre as súas posibilidades.	33	12	X	X	X
3	Creatividade na aula III	Cada grupo experimentará co material que lle falta dos tres establecidos para cada trimestre	33	11	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Creatividade na aula I	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia das posibilidades do material a utilizar.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para as distintas fases do proxecto.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporización.

UD	Título da UD	Duración
2	Creatividade na aula II	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Creatividade na aula III	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar os distintos produtos finais.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas ante o traballo realizado.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos tecnolóxicos e plásticos no proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A secuencia dos proxectos establecidos serán de carácter trimestral. Neles traballaranse principalmente as áreas científicas, tecnolóxicas e artísticas. O obxectivo será desenvolver a creatividade e o coñecemento dos diferentes materiais empregados de Polos Creativos. Os grupos de traballo, en parellas ou grupos de 4 establecerán unhas bases para o traballo cooperativo.

A metodoloxía empleada será activa, debido a que o alumnado será o protagonista activo porque investiga, descubre, manipula, participa, cuestiona e responde. Un dos obxectivos fundamentais será manter activa a súa mente a través de situacións de aprendizaxe, tratando de facerlle analizar e observar as diferentes situacións que se lle presentan. Deste xeito farán unha conexión entre os coñecementos preexistentes e as conclusións e reflexións dos seus achados.

Con isto lograremos estimular un desenvolvemento de todas as capacidades tanto físicas como afectivas, intelectuais e sociais.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material de introdución a la electrónica
Legos
Kapla
Ordenadores portátiles
Recursos de catálogos da aula de Polos Creativos

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases será a aula de Polos Creativos do centro. Ademais o centro ten ordenadores cos que faremos grupos de traballo que contarán cunha carpeta onde recollerán todas as evidencias das actividades e traballos que leven a cabo.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Para facer a avaliación inicial do alumnado, utilizaremos os informes individualizados do alumnado referentes a cursos anteriores. Fixarémonos especialmente no seu carácter social e emprendedor o que nos servirá para facer os grupos de traballo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	34	33	33	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Todos os criterios de avaliación da presente programación didáctica avaliaranse por medio dunha táboa de indicadores . Gran número deses indicadores procederán da observación directa que realice o profesorado e que se recollerá en diferentes rúbricas o escalas de valoración.

A cualificación final do alumnado obterase da ponderación que se realizará coas cualificacións de cada un dos trimestres . Todos os trimestres terán o mesmo peso na avaliación da materia.

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumno/a non realice as tarefas asignadas ou non coopere axeitadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar tarefas específicas e pautadas para traballar diferentes aspectos relacionados con este proxecto.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo, serán adaptadas as actividades de xeito que facilite o seu rol no proxecto. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos ou actividades de ampliación que sexan necesarios.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita			X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia Dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento da Creatividade, do Espírito Crítico e Científico	X	X	X

Observacións:

Ademais no traballo cooperativo, fomentárase a igualdade entre homes e mulleres, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais. Promóvese a resolución pacífica de conflitos, a escoita activa e o respecto polos demais e as súas opinións. Evítanse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas así como os que discriminan por razóns de orientación sexual ou da identidade de xénero. Fomentárase a iniciativa, a creatividade a autonomía e o traballo en equipo.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actividades relacionadas co proxecto de colexio	Actividades relacionadas coa ciencia e o arte que irán xurdindo ao longo do curso propostas polos equipos.	X	X	X

Observacións:

Presentación do produto do proxecto ao resto dos compañeiros o que lles aportará ideas e motivacións ao ver o traballo dos demais.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumno
Os instrumentos de avaliación proporcionan información valiosa
Metodoloxía empregada
Conseguíuse motivar ao alumnado
Adóptanse distintos tipos de agrupamento en función das actividades a realizar.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Aproveitáronse os recursos dos que dispón o centro
Clima de traballo na aula
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado
Infórmase aos alumnos dos erros e mellorías cometidos nas diferentes tarefas ou actividades
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Houbo coordinación cos mestres do equipo docente
Houbo comunicación coa maioría das familias do alumnado.

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar todo o proceso de ensino e a práctica docente para reflexionar sobre a súa adaptación ao grupo, o grao de participación do alumnado, a dificultade da secuencia e as medidas adoptadas de atención a diversidade para dar resposta as distintas circunstancias que podemos atopar na aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación didáctica levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizar cada unidade didáctica. As modificacións da programación se as houberse quedarán reflectidas na memoria que se realizará ao final do curso e servirá de proposta de mellora para o próximo curso. Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación atendendo ós seguintes aspectos:

- .- Comprobación dunnha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.
- .- O equipo docente que imparte materia no mesmo nivel, coordinarase e analizará regularmente a adecuación da programación didáctica formulando propostas de mellora e relizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso.

9. Outros apartados